

### Poboación

A 01.01.2016, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia era de 2.720.668 persoas, o que supón no conxunto do ano 2015 un descenso de poboación de -13.988 persoas (-0,5% anual), continuando e mesmo acentuando lixeiramente a tendencia decrecente de pasados semestres. Como ven sendo habitual, a causa atópase no saldo vexetativo (nacementos - defuncións) que é, con -12.269 persoas, o terceiro máis baixo de España en relación coa poboación de cada Comunidade (só por diante de Asturias e Castela-León) e supón o 87,8% do total da perda de poboación en Galicia. A migración interior tivo tamén un comportamento negativo, se ben menos acusado en relación coa poboación respectiva que o do saldo vexetativo. Por súa banda, a migración exterior volveu a amosar por segundo ano consecutivo un valor positivo (xunto coas Comunidades de Madrid, Illas Baleares e Illas Canarias, as únicas que presentan un dato positivo de migración exterior no 2015).

### Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2016

	Poboación a 1 de xaneiro de 2016(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2015	Saldo ano 2015			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
<b>Galicia</b>	<b>2.720.668</b>	<b>2.734.656</b>	<b>-12.269</b>	<b>163</b>	<b>-1.882</b>	<b>-13.988</b>
<b>España</b>	<b>46.438.422</b>	<b>46.449.565</b>	<b>-2.753</b>	<b>-8.389</b>	<b>0</b>	<b>-11.142</b>

Fonte: INE / (\*) Datos provisionais

### Produto interior bruto


O PIB galego incrementouse no último trimestre do ano 2015 en 0,7 décimas (0,8 en España), o que leva a un incremento interanual dun 2,8%, 0,6 puntos inferior á media estatal. Por primeira vez nos últimos 12 trimestres, o crecemento porcentual interanual do PIB estatal non amosa un valor superior ao do trimestre anterior (3,4% no período que vai entre abril de 2015 e marzo de 2016, fronte ao 3,5% de crecemento rexistrado no conxunto do ano 2015). Porén, en Galicia a evolución do crecemento do PIB en taxa interanual segue a manter un ritmo ascendente (2,8% fronte ao 2,6% no anterior período de referencia) e, se ben a taxa de incremento do PIB segue a ser inferior á media española, nos últimos trimestres a diferenza entre as dúas estase a reducir, sendo esta diferenza entre as taxas de crecemento interanuais dos PIB español e galego a menor desde o dato do primeiro trimestre do 2014.

### Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos Corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2009-2015 (\*)

	% (T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16
<b>Galicia</b>		-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	2,1	0,5	0,8	1,4	1,9	2,2	2,6	2,8
<b>España</b>		-3,8	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,2	1,7	2,1	2,7	3,2	3,4	3,5	3,4

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

(\*) os valores anuais para o PIB estatal para os anos 2011-2014 foron recalculados no pasado setembro (ver nota de prensa INE do 6.09.2015) rexistrándose valores inferiores aos calculados previamente nos anos 2011a 2013



### Poboación activa, contratación, paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) do segundo trimestre do ano reflicte para Galicia un incremento da poboación activa de 7.900 persoas fronte ao trimestre anterior (o 0,6%, superior en catro décimas ao crecemento rexistrado no conxunto do Estado) e unha diminución de -5.500 persoas respecto do segundo trimestre do ano 2015, é dicir, unha diminución da poboación activa galega do -0,4% nos últimos doce meses, diminución que e menor da rexistrada en España, onde chegou a un descenso do -0,6%. Respecto á ocupación en Galicia, ven de medrar respecto do primeiro trimestre do ano en 12.900 persoas (o 1,2%, crecemento inferior neste caso ao rexistrado en España, onde chegou ata o 1,5%). En termos interanuais, o incremento da ocupación foi dun 2,4%, en liña co rexistrado no conxunto do Estado. No que respecta á taxa de ocupación galega, acadou o 44,0% neste trimestre, superando en 0,6 puntos porcentuais a do trimestre anterior, e en 1,2 puntos porcentuais ao do segundo trimestre de 2015. Para rematar co análise da EPA do segundo trimestre, a diminución do paro en Galicia foi de -4.900 persoas respecto ao trimestre pasado,

(-2,2%), e de -29.600 nos últimos doce meses (un -11,7% menos). Con estes valores, a taxa de paro fica no 17,7%, inferior en 2,7 puntos porcentuais ao da media española (o 20,0%), co cal prosegue a tendencia á baixa desta variable observada en trimestres anteriores.

No relativo á contratación, no segundo trimestre do ano asináronse 237.801 contratos novos en Galicia, que supoñen un 24,1% máis respecto dos asinados no primeiro trimestre, e un incremento dun 7,4% en novos contratos asinados se comparamos co segundo trimestre de 2015. Por sectores de actividade, e no que atinxe á comparación cos tres primeiros meses do ano, o incremento en novos contratos asinados produciuse de xeito case exclusivo no sector servizos, cunha leve subida no sector primario, e lixeiros descensos en novos contratos asinados na industria e na construción. Porén, se tomamos como referencia o segundo trimestre do ano anterior, esta análise vese modificada, pois neste caso o mellor comportamento corresponde ao sector industrial (cun incremento de máis dun 10% de novos contratos asinados) seguido do sector servizos, onde os contratos asinados no segundo trimestre do ano superan nun 8,6% aos do mesmo período do ano 2015. Como xa sucedera nos meses que van de xaneiro a marzo, a nota negativa na comparación co segundo trimestre do ano pasado segue a vir dada pola construción, onde a contratación reduciuse o -10,2%. Atendendo ao tipo de contrato asinado, os contratos temporais amosan un moi forte crecemento con respecto ao trimestre anterior, e medran tamén, aínda que de xeito menos acusado, respecto dos asinados no segundo trimestre do ano pasado, referencia temporal respecto da cal é o modelo de contrato indefinido o que máis se incrementou en termos porcentuais, cun crecemento dun 11,7%.

En cada mes do segundo trimestre do ano rexistráronse diminucións do paro rexistrado en Galicia, maiores a medida que avanza o ano (con descensos interanuais do paro rexistrado do -6,8% en abril, -7,0% en maio e -9,5% en xuño). As variacións porcentuais dos distintos parámetros amosan que esta diminución do paro rexistrado é máis forte entre os homes que entre as mulleres (aínda que no mes de xuño variou esa tendencia), entre os menores de 45 anos que entre os maiores desa idade e que afecta sobre todo, en termos porcentuais, aos sectores da construción e da industria (con descensos interanuais que oscilan entre o 12,5% e o 15,4%).

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social para o segundo trimestre do ano revelan un período de crecemento constante, tanto respecto dos meses anteriores como en medida interanual, se ben hai que destacar que o crecemento interanual para o segundo trimestre viuse lixeiramente frenado respecto dos valores no primeiro trimestre tanto en España como en Galicia (o crecemento interanual medio para o primeiro trimestre en España rozaba o 3,0%, sendo do 2,7% no segundo. Os valores galegos nos mesmos períodos de referencia foron o 1,9% e o 1,4%)

#### Valores Poboación Activa Galicia-España 2º Trimestre 2016

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.256,9	7,9	0,6	-5,5	-0,4
España	22.875,7	54,6	0,2	-139,9	-0,6

Fonte: *Enquisa de Poboación Activa* - INE (datos en miles)

#### Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, 2º Trimestre 2016

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
<b>2º Trimestre 2016</b>	<b>237.801</b>	<b>46.135</b>	<b>24,1%</b>	<b>16.447</b>	<b>7,4%</b>
Homes	125.373	25.231	25,2%	6.624	5,6%
Mulleres	112.428	20.904	22,8%	9.823	9,6%
<30 anos	75.697	17.773	30,7%	6.093	8,8%
entre 30 e 44 anos	108.481	18.794	21,0%	6.107	6,0%
>44 anos	53.623	9.568	21,7%	4.247	8,6%
Indefinido	17.876	258	1,5%	1.878	11,7%
Temporal	213.606	44.164	26,1%	16.990	8,6%
Prácticas / Formación	2.079	-220	-9,6%	-1.817	-46,6%
Outros	4.240	1.933	83,8%	-604	-12,5%
Agricultura e Pesca	6.008	145	2,5%	-98	-1,6%
Industria	33.225	-18	-0,1%	3.091	10,3%
Construción	11.642	-104	-0,9%	-1.323	-10,2%
Servizos	186.926	46.112	32,7%	14.777	8,6%

Fonte: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, 2º Trimestre 2016

2T 2016	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
<b>TOTAL</b>	<b>228.153</b>	<b>220.464</b>	<b>207.320</b>	<b>-3.644</b>	<b>-7.689</b>	<b>-13.144</b>	<b>-1,6%</b>	<b>-3,4%</b>	<b>-6,0%</b>	<b>-16.608</b>	<b>-16.517</b>	<b>-21.742</b>	<b>-6,8%</b>	<b>-7,0%</b>	<b>-9,5%</b>
Homes	104.414	100.142	94.188	-2.382	-4.272	-5.954	-2,2%	-4,1%	-5,9%	-9.388	-9.389	-11.023	-8,2%	-8,6%	-10,5%
Mulleres	123.709	120.322	113.132	-1.262	-3.417	-7.190	-1,0%	-2,8%	-6,0%	-7.220	-7.128	-10.719	-5,5%	-5,6%	-8,7%
<30 anos	31.869	30.019	26.630	-770	-1.850	-3.389	-2,4%	-5,8%	-11,3%	-4.052	-4.350	-4.938	-11,3%	-12,7%	-15,6%
entre 30 e 44 anos	84.247	80.646	74.929	-1.845	-3.601	-5.717	-2,1%	-4,3%	-7,1%	-9.485	-9.193	-11.479	-10,1%	-10,2%	-13,3%
>44 anos	112.037	109.799	105.761	-1.029	-2.238	-4.038	-0,9%	-2,0%	-3,7%	-3.071	-2.974	-5.325	-2,7%	-2,6%	-4,8%
Agricultura e Pesca	8.519	8.265	7.793	-154	-254	-472	-1,8%	-3,0%	-5,7%	-89	-101	-266	-1,0%	-1,2%	-3,3%
Industria	27.228	26.442	24.960	-590	-786	-1.482	-2,1%	-2,9%	-5,6%	-4.260	-3.862	-4.272	-13,5%	-12,7%	-14,6%
Construción	26.875	25.658	24.122	-716	-1.217	-1.536	-2,6%	-4,5%	-6,0%	-3.846	-3.960	-4.380	-12,5%	-13,4%	-15,4%
Servizos	146.915	141.822	133.093	-2.223	-5.093	-8.729	-1,5%	-3,5%	-6,2%	-6.699	-6.838	-11.170	-4,4%	-4,6%	-7,7%
Sen emprego anterior	18.616	18.277	17.352	39	-339	-925	0,2%	-1,8%	-5,1%	-1.714	-1.756	-1.654	-8,4%	-8,8%	-8,7%

Fonte: *Boletín Mensual do Paro rexistrado*, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

#### Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España, 2º Trim. 2016

	Añilacións medias 2º Trím. 2016			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	943.356	949.176	957.928	2.808	5.822	8.750	0,30%	0,62%	0,56%	13.897	11.839	13.997	1,50%	1,26%	1,48%
España	17.463.836	17.661.840	17.760.271	158.038	198.004	98.431	0,91%	1,13%	0,92%	455.540	440.530	503.876	2,68%	2,56%	2,92%

Fonte: IGE *Informe de afiliación á seguridade social* (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

A sinistralidade laboral mantén e mesmo acelera no 2016 a tendencia ó alza observada no primeiro trimestre de 2015, ao aumentar o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo nun 1,8%. O saldo máis negativo apréciase no incremento dos accidentes graves no período de referencia (un 47,5% máis, con porcentaxes de incremento por riba do 40% en todos os sectores salvo no agrícola). Pola contra, cabe salientar positivamente unha redución dos accidentes mortais neste período dun-26,7% (11 accidentes mortais fronte aos 15 rexistrados no primeiro trimestre do ano pasado). Os accidentes leves aumentaron nun 1,3%.

Cando analizamos os datos por sectores de actividade vemos que, tanto na industria como na construción, o número de accidentes incrementouse por riba dun 8% no primeiro trimestre, coa diferenza de que, mentres que na industria este incremento apréciase en todo tipo de accidentes, na construción os leves e graves creceron, pero reducíronse os accidentes mortais. No que respecta ao sector primario o número de accidentes totais reduciuse nun -12.4%, grazas á notable diminución rexistrada nos accidentes de carácter leve. Finalmente, no sector servizos son moi similares aos do primeiro trimestre de 2015.

**Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 1º Trimestre 2015-2016**

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var	2015	2016	% Var
Agricultura	290	234	-19,31	12	13	8,33	1	1	0,00	303	248	-18,15
Pesca	274	250	-8,76	8	14	75,00	5	5	0,00	287	269	-6,27
Industria	1.565	1.682	7,48	17	26	52,94	2	3	50,00	1.584	1.711	8,02
Construción	612	657	7,35	14	24	71,43	4	1	-75,00	630	682	8,25
Servizos	2.972	2.962	-0,34	29	41	41,38	3	1	-66,67	3.004	3.004	0,00
<b>Total</b>	<b>5.713</b>	<b>5.785</b>	<b>1,26</b>	<b>80</b>	<b>118</b>	<b>47,50</b>	<b>15</b>	<b>11</b>	<b>-26,67</b>	<b>5.808</b>	<b>5.914</b>	<b>1,83</b>

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

**Conflitividade laboral**

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para os catro primeiros meses do ano, en Galicia leváronse a cabo 23 folgas, o que supón un descenso dun -11,5% fronte as do mesmo período do ano 2015, descenso que no conxunto do Estado foi dun -19,4%. Pola contra, a repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles reduciuse en maior medida en Galicia (-24.6%, fronte a unha redución dun -15,5% estatal)). Por último, sinalar que as xornadas non traballadas con motivo de folga reducíronse de xeito moi notable (-70,3%, redución sensiblemente superior á rexistrada en España, onde foi dun -17,6%).

**Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Abril 2016**

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	23	-3	4.895	-1.598	3.838	-9.105
España	220	-53	52.831	-9.715	122.731	-26.291

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

**Datos de expedientes de regulación de emprego**

Tras pechar os datos dos Expedientes de Regulación de Emprego en Galicia nos cinco primeiros meses de 2016, apréciase unha diminución no conxunto dos expedientes tramitados (250 fronte a 325 no período de referencia do ano pasado, un descenso dun -23,1%). Atendendo ao tipo de medida aplicada apréciase unha diminución en todos os tipos de expediente, se ben é moito máis intensa nos relativos a reducións de xornada, que foron menos da metade nestes cinco meses (descenso dun -50,8%) que nos referidos a despedimentos colectivos ou a suspensión de contratos e por suspensión de contratos (-15,8% e -5,4% menos, respectivamente).

Se nos fixamos nos sectores de actividade afectados, os expedientes reducíronse case a metade no sector servizos (-49,3%) e tamén o fixeron de xeito moi sobranceiro na industria (-45,8%). Os expedientes de regulación de emprego tamén diminuíron no sector da construción de xeito apreciable, cunha redución respecto ao número de expedientes no mesmo período do ano 2015 que supera o 20%. Porén, o sector pesqueiro incrementou os expedientes presentados case nun 30%, sendo todos eles expedientes de suspensión de contratos.

A pesares da redución no número de expedientes, compre subliñar que o número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego está a aumentar respecto ao mesmo período de 2015, tanto entre os homes (2.436 fronte a 2.002, un 21,7% máis) como entre as mulleres (918 fronte a 524, un 75,2% máis) Destacar como estas últimas, pese a verse menos afectadas en termos absolutos, vense proporcionalmente máis afectadas que os homes polo incremento observado.

**Expedientes de regulación de Em prego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Maio 2016)**

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.	2015	2016	% Var.
Agricultura	0	0	-----	0	0	-----	0	0	-----	0	0	-----
Pesca	0	0	-----	98	126	28,6%	0	0	-----	98	126	28,6%
Industria	9	4	-55,6%	26	16	-38,5%	24	12	-50,0%	59	32	-45,8%
Construción	3	2	-33,3%	14	13	-7,1%	7	4	-42,9%	24	19	-20,8%
Servizos	7	10	42,9%	46	19	-58,7%	91	44	-51,6%	144	73	-49,3%
<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>16</b>	<b>-15,8%</b>	<b>184</b>	<b>174</b>	<b>-5,4%</b>	<b>122</b>	<b>60</b>	<b>-50,8%</b>	<b>325</b>	<b>250</b>	<b>-23,1%</b>

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o primeiro trimestre de 2016 indica que o valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.203,1 € no trimestre (un aumento interanual dun 1,3% que racha coa tendencia á baixa do comportamento interanual desta variable dos últimos tres trimestres). Respecto dos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes no primeiro trimestre do ano en Galicia foi de 1.596,2 € (un incremento interanual do 0,9%, o que confirma e intensifica a tendencia ao alza en termos interanuais xa observada no trimestre anterior).

**Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2016**

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2251,3	2,3	1663,2	3,0
2011	2265,3	0,6	1669,7	0,4
2012	2206,2	-2,6	1618,1	-3,1
2013	2260,2	2,4	1656,0	2,3
2014	2261,4	0,0	1654,0	0,0
2015	2246,2	-0,7	1649,0	-0,3
4T14	2378,7	0,6	1769,0	-0,5
1T15	2175,0	0,2	1582,3	0,6
2T15	2242,9	-2,1	1635,8	-2,2
3T15	2196,2	-0,4	1601,9	0,0
4T15	2370,6	-0,3	1775,8	0,4
1T16	2203,1	1,3	1596,2	0,9

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

**Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital**

No segundo trimestre de 2016 constituíronse 1.266 sociedades mercantís, dato que representa un moi lixeiro descenso no número de sociedades constituídas tanto respecto do trimestre anterior (-0,7%, aínda que haxa que resaltar que estas sociedades se constituíron con menos da metade de capital que as que se constituíron no trimestre anterior). Respecto do mesmo trimestre do ano pasado o descenso rexistrado é máis acusado (o número de sociedades constituídas redúcese nun -15,2%). O número de sociedades que ampliaron capital tamén se reduciu respecto aos citados trimestres nun -24,8% e nun -1,4% respectivamente, e tamén o fixo o capital das empresas que o fixeron.

**Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2016**

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.266	38.562,5	-9	-59,4%	-192	-8,7%
Sociedades que ampliaron capital	310	95.667,5	-102	-81,6%	-4	-44,2%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

**Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 2º Trimestre 2016**

	2T16	1T16	2T15
Sociedades disoltas	293	484	304
Sociedades que reducen capital	68	78	73
Sociedades en situación concursal	87	79	108

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Máis positivo resulta do dato de disolución de sociedades mercantís, posto que se rexistraron 191 disolucións de sociedades menos que no trimestre anterior e 11 menos que no segundo trimestre de 2015, tendencia que se mantén no tocante ás sociedades que reducen capital (-12,8% e -6,8%, respectivamente). Tamén se rexistraron tres procesos de rescisión de empresas, oito de fusión e 87 entraron en situación concursal (8 máis que no trimestre anterior, pero 21 menos que no segundo trimestre de 2015)

**Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais**

As actuacións deste Consello a prol da negociación colectiva e o seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) mantiveron o elevado ritmo do trimestre anterior, rexistrándose 59 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA no primeiro semestre, e manténdose a porcentaxe de acordos acadados por riba do 80% das mediacións e arbitrajes que tiveron lugar. No referente á negociación colectiva de convenios de sector desenvolvidas neste Consello, asinou o convenio do sector de Derivados do Cemento da provincia de Pontevedra e continúan as negociacións de convenios de ámbito provincial e autonómico en outros cinco sectores.

En canto a súa función consultiva, a 30 de xuño a Comisión de ditames informou sobre 15 proxectos de orde e un proxecto de decreto no eido laboral, remitidos para o seu ditame desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Dentro da súa función divulgativa, e despois de varios anos de suspensión da súa actividade, queremos destacar que durante este período vense acelerando os traballos para a nova posta en marcha da *Revista Galega de Dereito Social*, que volverá a estar dispoñible ao longo do segundo semestre do ano, nun esforzo conxunto do Consello Galego de Relacións Laborais e do departamento de Dereito do Traballo da Facultade de Dereito da USC.

Asemade, no pasado mes de xuño tivo lugar un seminario dirixido a cadros sindicais e empresariais e dedicado á análise de contidos innovadores na negociación colectiva

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: [http://cgri.xunta.es/g\\_neco2.html](http://cgri.xunta.es/g_neco2.html)